

HISTORIA DA ARTE

O exame consta de cinco preguntas de 5 puntos, compostas por un apartado de análise dunha lámina e outro de definición de conceptos. Responda **DÚAS DAS CINCO PREGUNTAS**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas**.

*El examen consta de cinco preguntas de 5 puntos, compuestas por un apartado de análisis de una lámina y otro de definición de conceptos. Responda **DOS DE LAS CINCO PREGUNTAS**. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1.

1.1. Analice a lámina 1. / Analice la lámina 1. (4 puntos)

1.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes: (1 punto)

altorrelevo, estatua ecuestre, entaboamento, paisaxe.

Defina dos de los cuatro conceptos siguientes:

altorrelevo, estatua ecuestre, entablamento, paisaje.

PREGUNTA 2.

2.1. Analice a lámina 2. / Analice la lámina 2. (4 puntos)

2.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes: (1 punto)

arcobotante, perspectiva xerárquica, triglifo, bodegón.

Defina dos de los cuatro conceptos siguientes:

arbotante, perspectiva jerárquica, triglifo, bodegón.

PREGUNTA 3.

3.1. Analice a lámina 3. / Analice la lámina 3. (4 puntos)

3.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes: (1 punto)

baixorrelevo, plan central, cadro de historia, iconografía.

Defina dos de los cuatro conceptos siguientes:

bajorelieve, plan central, cuadro de historia, iconografía.

PREGUNTA 4.

4.1. Analice a lámina 4. / Analice la lámina 4. (4 puntos)

4.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes: (1 punto)

cúpula, xamba, cor primaria, éntase.

Defina dos de los cuatro conceptos siguientes:

cúpula, jamba, color primario, éntasis.

PREGUNTA 5.

5.1. Analice a lámina 5. / Analice la lámina 5. (4 puntos)

5.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes: (1 punto)

arco de faixa, pilastra, capitel corintio, planta de cruz latina.

Defina dos de los cuatro conceptos siguientes:

arco fajón, pilastra, capitel corintio, planta de cruz latina.

PUNTUACIÓN DETALLADA

Análise da lámina elexida mediante tres apartados: (4 puntos)

- Identificación, título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento. **(1 punto)**
- Encadramento no contexto histórico-artístico. **(1 punto)**
- Análise e comentario da lámina. **(2 puntos)**

Análisis de la lámina elegida mediante tres apartados:

- *Identificación, título, autor, cronología, cultura, estilo, movimiento.*
- *Encuadramiento en el contexto histórico-artístico.*
- *Análisis y comentario de la lámina.*

Definición de conceptos. (1 punto, 0,5 por concepto)

LÁMINA 1.



LÁMINA 2.



LÁMINA 3



LÁMINA 4



LÁMINA 5



HISTORIA DA ARTE

O exame consta de cinco preguntas de 5 puntos, compostas por un apartado de análise dunha lámina e outro de definición de conceptos. Responda **DÚAS DAS CINCO PREGUNTAS**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas**.

*El examen consta de cinco preguntas de 5 puntos, compuestas por un apartado de análisis de una lámina y otro de definición de conceptos. Responda **DOS DE LAS CINCO PREGUNTAS**. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corruxirán las 2 primeras respondidas**.*

PREGUNTA 1.

1.1. Analice a lámina 1. / Analice la lámina 1. (4 puntos)

1.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes: (1 punto)

arcobotante, perspectiva xerárquica, triglifo, bodegón.

Defina dos de los cuatro conceptos siguientes:

arbotante, perspectiva jerárquica, triglifo, bodegón.

PREGUNTA 2.

2.1. Analice a lámina 2. / Analice la lámina 2. (4 puntos)

2.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes: (1 punto)

capitel composto, veladura, planta de cruz grega, fuste.

Defina dos de los cuatro conceptos siguientes:

capitel compuesto, veladura, planta de cruz griega, fuste.

PREGUNTA 3.

3.1. Analice a lámina 3. / Analice la lámina 3. (4 puntos)

3.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes: (1 punto)

éntase, piar, metopa, entaboamento.

Defina dos de los cuatro conceptos siguientes:

éntasis, pilar, metopa, entablamento.

PREGUNTA 4.

4.1. Analice a lámina 4. / Analice la lámina 4. (4 puntos)

4.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes: (1 punto)

arco de faixa, pilastra, capitel corintio, planta de cruz latina.

Defina dos de los cuatro conceptos siguientes:

arco fajón, pilastra, capitel corintio, planta de cruz latina.

PREGUNTA 5.

5.1. Analice a lámina 5. / Analice la lámina 5. (4 puntos)

5.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes: (1 punto)

cúpula, xamba, cor primaria, éntase.

Defina dos de los cuatro conceptos siguientes:

cúpula, jamba, color primaria, éntasis.

PUNTUACIÓN DETALLADA

Análise da lámina elixida mediante tres apartados: (4 puntos)

- Identificación, título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento. **(1 punto)**
- Encadramento no contexto histórico-artístico. **(1 punto)**
- Análise e comentario da lámina. **(2 puntos)**

Análisis de la lámina elegida mediante tres apartados:

- Identificación, título, autor, cronología, cultura, movimiento.
- Encuadramiento en el contexto histórico-artístico.
- Análisis y comentario de la lámina.

Definición de conceptos. (1 punto, 0,5 por concepto)

LÁMINA 1.



LÁMINA 2.




LÁMINA 3




LÁMINA 4




LÁMINA 5



CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

PREGUNTA 1.

1.1. Análisis de la lámina 1. (4 puntos).

A.- Clasificación: 1 punto, 0,25 cada ítem.

Erecteión.

Arte grego, período clásico.

Seculo V a. C., 421-406.

Mnesikles

B. Contexto histórico: 1 punto.

Polis grega e a cultura clásica ateniense.

Comezo da guerra do Peloponeso. Confrontación con Esparta. Consecuencias

A Acrópolis de Atenas.

C.- Análise e comentario da lámina: 2 puntos.

Análise do templo dentro da orde xónica.

Comentario sobre a planta e a súa implantación sobre o terreo.

Distribución interior.

Explicación das catro fachadas.

Explicación da fachada das Cariátides.

Función relixiosa do templo.

Valoración.

1.2. Defina dosu dos catro conceptos seguintes (1 punto, 0,5 cada un)

Altorrelevo:

Figura que se esculpe sobre un plano e que sobresa case por completo en relevo

Estatua ecuestre

En escultura, describe un monumento dun xinete montado a cabalo.

Entaboamento

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE **(Cód. 33)**

Entaboamento ou cornixamento, conxunto de pezas que se sitúan sobre as columnas dunha arquitectura arquitrabada. Consta de arquitrabe, friso e cornixa.

Paisaxe

Xénero pictórico no que se representan esceas da natureza –árbores, ríos, vales, bosques, etc-, incluíndo o ceo e podendo reflexar as condicións atmosféricas.



Historia del Arte: comentarios de obras paso a paso.

selectividad.academy - 623 769 002

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

PREGUNTA 2.

2.1. Análisis de la lámina 1. (4 puntos).

A.- Clasificación: 1 punto, 0,25 cada ítem.

Fuxida a Exipto. Capela Scrovegni o Arena de Padua.

Gótico. Trecento.

Seculo XIV, 1305.

Giotto.

B.- Contexto histórico: 1 punto.

Transformación do espírito relixioso coa aparición das ordes mendicantes: franciscanos e dominicos.

Conflicto entre a visión dos clásicos como paganos ou como herdanza cultural.

Situación dos territorios italianos, con mencións ós Estados Ponteificios, Florencia, as repúblicas de Pisa, Génova o Venecia, Milán, Nápoles y Sicilia. Conflictos entre Güelfos y Gibelinos. Crisis de Avignon.

Referencia á corrente clasicista a través das figuras de Dante, Boccaccio o Petrarca. O inicio do humanismo.

Ruptura coa tradición plástica bizantina.

C.- Análise e comentario da lámina: 2 puntos.

Cambios técnicos, referencias o temple e o fresco. Mencións a figuras de Pietro Cavallini, Duccio.

Cambios nos valores ideolóxicos con tendencia á humanización do temas relixiosos.

Tendencia al naturalísimo, humanización e maior sentido narrativo.

Escola florentina. Cimabue.

Rasgos estilísticos de Giotto: preocupación polo volumen, representación da profundidade e do espacio, sentido narrativo das esceas, interese pola representación do estado anímico dos persoaxes, alusións a paisaxe e a natureza, supresión de fondos dourados, tendencia a xeometrización da paisaxe, ordeación e composición dos persoaxes e obxectos dentro da escea. Uso de cores luminosos: azuis, vermellos, brancos, terra e negros. Interese polo volumen.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

Referencias a capela Scrovegni o “la Arena”. Mecenas do banqueiro Enrico Scrovegni, como expiación. Orixe da denominación de “Arena” pola proximidade ó anfiteatro romano “Arena de Padua”. Conxunto de frescos (40) relativos á vida de Cristo e á Virxe María que se pecha co Xuízo Final. No ciclo da Virxe destacan, nas partes altas dos muros, o abrazo entre San Joaquín e Santa Ana, o Nacemento da Virxe ou os desposorios de San Xosé e María.

Iconografía. Representación da fuxida a Exipto. Identificación dos persoaxes principais e contexto da narración. Descripción dos elementos máis significativos da obra: cesto de San Xosé, mula, acompañantes.

2.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes (1 punto, 0,5 cada un)

Arbotante-

Arco rampante que serve para transmitir os empuxes dende unha bóveda ata un contraforte. Elemento constructivo fundamental na arquitectura gótica.

Perspectiva xerárquica

Modo de representar os personaxes no que se distorsiona a súa escala cá intención de enfatizar algunhas das figuras segundo motivos de importancia, e non de ilusión espacial, xa sexan por xerarquía, protagonismo ou valor emotivo.

Triglifo

Parte do friso da orde dórica. Ten forma rectangular e está dividida en tres glifos ou bandas verticais.

Bodegón

Xénero pictórico no que se representan seres inanimados, animais mortos, vexetais e obxectos.



Calcula tu nota en selectividad.academy/calculadora-selectividad
Herramienta gratuita

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

PREGUNTA 3.

3.1. Análisis de la lámina 1. (4 puntos).

A.- Clasificación: 1 punto, 0,25 cada ítem.

Fuente (Fontaine)

Vangardas, Dadaísmo.

Século XX, 1917.

Marcel Duchamp / R. Mutt.

B.- Contexto histórico: 1 punto.

Primer tercio do século XX caracterizado polos grandes conflitos e tensión entre as potencias europeas: Primeira Guerra Mundial, Revolución rusa de 1917, Segunda Guerra Mundial.

Referencias ó período de entreguerras e a crise económica de 1929, e ós límites do capitalismo.

Aparición dos sistemas totalitarios: fascismos e nacionalsocialismo.

Referencias ós avances científicos –psicoanálisis- e técnicos: automóvil, cinematógrafo, gramófono.

Exaltación do inconsciente, do racional, da liberdade, da paixón e individualismo.

C.- Análise e comentario da lámina: 2 puntos.

Sobre o autor: É considerado ó artista máis influente do século XX. Anticipa a arte conceptual ó converter o obxecto cotidiá en obxecto artístico. Conta con unha estapa impresionista e outra fauvista, masi se lle recoñece como dadaísta.

Explicación do dadaísmo como movemento cultural e artístico que nace no Cabaret Voltaire de Zurich en 1916. Referencias ós seus representantes máis destacados: Hugo Ball, Tristan Tzara o Jean Arp.

Características do dadaísmo.

Sobre a obra: Indicar que a peza orixinal xa non existe; explicación sobre a súa realización, referencia o pseudónimo de R. Mutt, a Sociedade de Artistas Independentes en Estados Unidos, ó seu rechazo. Antecedente do arte conceptual. Explicación do que un ready.made. Exemplo de provocación. Referencia o feito de que a obra fose un regalo de Elsa von Freitag ó artista.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

Mención da algunha das interpretacións feitas sobre a obra como referencia a situación geopolítica en 1917, unha reinterpretación moderna da choiva dourada de Danae, ou unha representación do útero materno...

3.2. Defina dosu dos catro conceptos seguintes (1 punto, 0,5 cada un)

Baixorrelevo

Relevo que sobresaia do fondo menos da metade do bulto.

Plan central

Planta arquitectónica que implica a disposición da construción en torno a un punto principal situado no centro da mesma.

Cadro de historia

Género pictórico que ten a súa inspiración nas esceas relativas a mitoloxía, historia –antigua, cristiá...- ou acontecementos recentes, nas que se narra un acontecemento concreto.

Iconografía

Estudo da orixe, formación e desenvolvemento dos temas figurativos e atributos que acompañan as imaxes.

● **Tú puedes. Y nosotros te ayudamos a demostrarlo.**

Prueba gratis

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

PREGUNTA 4.

4.1. Análisis de la lámina 1. (4 puntos).

A.- Clasificación: 1 punto, 0,25 cada ítem.

Almuerzo sobre la hierba

Realismo, preimpresionismo.

Século XIX, 1863.

Edouard Manet

B.- Contexto histórico: 1 punto.

Francia na segunda metade do século XIX: II Imperio con Napolén III, revolucións de 1830, 1848 e 1875, III República.

A segunda revolución industrial e os cambios sociais e políticos que tiveron lugar: creación dos salóns, ocio, socialismo utópico.

Orealismo como estilo. Características xerais. Courbet, Zola, Honoré de Balzac, Auguste Comte...

C.- Análise e comentario da lámina: 2 puntos.

Biografía de Manet. Contextualizar a obra dentro da produción de Manet. Relación co realismo e o impresionismo. Aportacións ó impresionismo: cadros a base de grandes manchas ou superficies de cor plano; abandono do modelado tradicional, encadres alleos ás perspectivas tradicionais. Coñecemento da tradición do museo, en especial do barroco español: Murillo, Zurbarán, Velázquez, interese pola luz.

Diferencias co impresionismo: non emprega a pincelada yuxtaposta, emprega o negro, protagonismo da figura humana, negativa a recoñecerse como impresionista e a participar nas súas exposicións, traballa no estudio.

Contexto da obra: salón de 1863, escándalo polo emprego do desnudo fora do contexto da iconografía mitolóxica. Salón des Refusés. Outras obras de interese do autor.

Relación coas obras de Giorgione –Concerto Campestre- e Marco Antonio Raimondi –Xuízo de Paris-.

Iconografía e descrición da obra.

Análise formal: Composición en V, tratamento das figuras, ausencia do modelado tradicional, cores e manchas planas, contrastes lumínicos –luz-sombra-luz-. Predominio da cor sobre o debuxo. Presenza do bodegón.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

4.2. Defina dosu dos catro conceptos seguintes (1 punto, 0,5 cada un)

Cúpula

Bóveda semiesférica que, generalmente, cobre un espacio cuadrado cuxo paso a planta circular ou octogonal faise por medio de trompas ou pechinas, pode incluír un tambor.

Xamba

Elemento arquitectónico vertical que sostén un arco ou dintel dun van.

Color primaria.

Son aqueles que non se poden obter a través da mestura de ningunha outra cor, polo que son claramente diferenciable entre sí. Tamén se poden chamar fundamentais. Son o vermello, azul e amarelo.

Éntase.

Abultamento do fuste da columna, que se sitúa frecuentemente cara un tercio da súa altura e que é máis aparente que real. É común na orde dórica.



Si algo no entendes, preguntanos sin compromiso

623 769 002 · WhatsApp

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

PREGUNTA 5.

5.1. Análisis de la lámina 1. (4 puntos).

A.- Clasificación: 1 punto, 0,25 cada ítem.

Convento de Santa Clara de Santiago de Compostela.

Barroco. Barroco de placas.

Século XVIII, Medios do século XVIII, 1719.

Simón Rodríguez.

B.- Contexto histórico: 1 punto.

Transformacións durante o cambio dinástico na monarquía española entre os Austrias e os Borbones.

Tensión entre o gusto barroco rexional, o Rococó e o academicismo francés imposto pola corte.

O impacto da contrarreforma.

O poder acadado polas ordes relixiosas.

C.- Análise e comentario da lámina: 2 puntos.

Localización do convento na cidade de Santiago. Referencia a chegada das clarisas a Galicia e a súa ubicación no emplazamento actual.

Simón Rodríguez dentro da tradición arquitectónica compostelá. Referencias a Domingo Antonio de Andrade e Fernando de Casas e Novoa. Outras obras de interese.

Descrición da obra facendo referencias as características máis salientables: decoración xeométrica, placas recortadas, volume e potencia plástica dos motivos xeométricos, sobrecarga na parte alta do edificio, presenza dos grandes cilindros que remtana o conxunto. Referencia ó barroco de placas.

Sentido urbano da fachada e relación coa organización interna da igrexa, xa que non se accede directamente a esta.

5.2. Defina dosu dos catro conceptos seguintes (1 punto, 0,5 cada un)

Arco de faixa

Asociado co Románico. É o arco que corta a bóveda en sentido transversal ó seu eixo.

Pilastra

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

Pilar adosado ó muro, que, as veces, presenta basa, acanaladuras e capitel. Pode desempeñar unha función estrutural de soporte ou só decorativa.

Capitel corintio.

Remate máis ou menos ornamentado, do fuste dunha columna ou pilar. É o máis tardío da Grecia clásica. A súa forma evocan un cesto arrodeado de follas de acanto e decorado con caulículos ou rosetas. Únese ó fuste mediante o astrágalo e coroado por un ábaco de líneas cóncavas, sobre ó que se apoia o entaboamento.

Planta de cruz latina.

Planta dunha igrexa que conta co transepto que divide a nave maior en dúas partes desiguais.



Cada examen practicado te acerca a tu objetivo

selectividad.academy

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

PREGUNTA 1.

1.1. Análisis de la lámina 1. (4 puntos).

A.- Clasificación: 1 punto, 0,25 cada ítem.

Visión despois do sermón ou Xacob loitando có anxo.

Paul Gauguin

Século XIX. 1888.

Postimpresionismo / simbolismo

B. Contexto histórico-artístico: 1 punto.

Revolución industrial e cambios nos modos de vida e nas cidades.

Avances tecnolóxicos.

Consolidación da burguesía como clase social.

Transformacións económicas, sociais e culturais.

Movimentos sociais e consecuencias das revolucións do século XIX.

Relacións con outros movementos artísticos: impresionismo e inicios das vangardas.

Referencias a Van Gogh ou Cezanne.

C.- Análise e comentario da lámina: 2 puntos.

Tipo de composición.

Tratamento das figuras.

Emprego da liña.

Referencia ó clousioné.

Utilización da cor e valor simbólico.

Referencia a outras influencias artísticas.

Outros rasgos do artistas e influencias en outras correntes artísticas.

1.2. Defina dosu dos catro conceptos seguintes (1 punto, 0,5 cada un)

Arcobotante:

Arco rampante que transmite os empuxes da bóveda a un contraforte sobre o que apoia o seu arranque inferior. Asíciase coa arquitectura gótica.

Perspectiva xerárquica

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

Representación do tamaño das figuras según a súa importancia teolóxica ou social. Trátase dunha expresión artística pouco naturalista e asociada con sociedades fortemente xerarquizadas.

Triglifo

Parte do friso na orde dórica. É de forma rectangular e conta con tres bandas ou “glifos” verticais.

Bodegón

Xénero pictórico no que se representan como temas seres inanimados, animais mortos, vexetais ou obxecto. Aparece en diferentes estilos. Pódese destacar o seu desenvolvemento durante o Barroco

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

PREGUNTA 2.

2.1. Análisis de la lámina 1. (4 puntos).

A.- Clasificación: 1 punto, 0,25 cada ítem.

Condotiero Gattamelata.

Donatello.

Renacemento. Quattrocento.

Século XV. 1444-1453

B.- Contexto histórico-artístico: 1 punto.

Periodización do Quattrocento e Cinquecento.

Recuperación dos valores clásicos e da antigüidade.

Referencia al Humanismo.

Cambios de modelos culturais na sociedade: humanismo cristián.

Cambios sociais, recoñecemento do artista.

O papel dos grandes centros artísticos italiáns: Florencia, Venecia, Roma, Padua.

Referencia a figura de Donatello e outros artistas do período.

C.- Análise e comentario da lámina: 2 puntos.

Definición da tipoloxía de estatua ecuestre.

Material no que está realizada.

Composición e ritmo da imaxe.

Relación có espazo circundante.

Expresión do retrato.

Carácter e función funeraria da imaxe.

2.2. Defina dous dos catro conceptos seguintes (1 punto, 0,5 cada un)

Capitel composto.

Forma parte da orde arquitectónica clásica, neste caso creada polos románs. É similar a orde corintia e só se diferencia no seu capitel que combina follas de acanto corintias cás volutas xónicas estilizadas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

Veladura.

Técnica pictórica que consiste en aplicar sucesivas capas de pintura, moi finas, de xeito que se transparente a capa inferior. Acádase como resultado unha cor que resulta da mezcla da cor inferior máis fina. Serve para acadar efectos de transparencia e calidades diversas nos obxectos.

Planta de cruz grega.

Planta formada pola intersección de dous brazos (nave e transepto) de igual tamaño.

Fuste.

Corpo dunha columna comprendido entre a basa e o capitel, pode ser monolítico ou formado por pezas chamadas tambores. O seu acabado pode ser liso ou con acanaladuras.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

PREGUNTA 3.

3.1. Análisis de la lámina 1. (4 puntos).

A.- Clasificación: 1 punto, 0,25 cada ítem.

Templo de Atenea Niké ou Atenea Áptera.

Calícatres.

Século V a. C. Ca. 421 a.C.

Arte clásica. Grecia.

B.- Contexto histórico: 1 punto.

Polis grega e a cultura clásica ateniense.

Conflictos bélicos: Guerras Médicas e do Peloponeso.

Confrontación con Esparta. Consecuencias. Liga de Delos

A Acrópolis de Atenas.

Referencia a outros artistas do momento.

C.- Análise e comentario da lámina: 2 puntos.

Localización do templo na Acrópolis.

Descrición estrutural do edificio.

Elementos que o compoñen: descrición da orde xónica.

Función e significado.

Valoración en relación ós outros templos da Acrópolis.

3.2. Defina dosu dos catro conceptos seguintes (1 punto, 0,5 cada un)

Éntase.

Abultamento do fuste da columna, que se sitúa frecuentemente cara un tercio da súa altura e que é máis aparente que real. É común na orde dórica.

Piar.

Soporte arquitectónico de planta poligonal, xeralmente de máis robusted cá columna. Segundo a súa ubicación pode recibir outros nomes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

Metopa.

Forma parte do friso da orde dórica. Está situada entre dous triglifos e emprega como elementos decorativos relevos.

Entaboamento.

Entaboamento ou cornixamento, conxunto de pezas que se sitúan sobre as columnas dunha arquitectura arquitecónica. Consta de arquitrabe, friso e cornixa

selectividad.academy

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

PREGUNTA 4.

4.1. Análisis de la lámina 1. (4 puntos).

A.- Clasificación: 1 punto, 0,25 cada ítem.

O grito.

Edward Munch

Século XIX. 1893.

Expresionismo.

B.- Contexto histórico: 1 punto.

Contexto social, económico e político de finais do século XIX e principios do XX.

Consolidación de movementos políticos de interese.

Referencia a I Guerra Mundial.

Cambios sociais derivados do final de século.

Relacións con outros movementos artísticos anteriores.

Mención de outros artistas deste mesmo contexto.

C.- Análise e comentario da lámina: 2 puntos.

Descripción da escea. Anécdota do artista.

Composición.

Relación cor-línea.

Tratamento da luz.

Conceptualización do espazo.

Tratamento das figuras.

Interpretación e significado da obra.

Influencias doutro artistas e feitos culturais: Pinturas Negras, momias peruanas.

4.2. Defina dosu dos catro conceptos seguintes (1 punto, 0,5 cada un)

Arco de faixa

Tamén coñecido como arco toral, se dispón de maneira transversal á bóveda para cinguila como elemento de reforzo.

Pilastra

Piar poligonal adosado ó muro, con basa e capitel.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

Capitel corintio.

Remate máis ou menos ornamentado, do fuste dunha columna ou piar. É o máis tardío da Grecia clásica. A súa forma evocan un cesto arrodeado de follas de acanto e decorado con caulículos ou rosetas. Únese ó fuste mediante o astrágalo e coroado por un ábaco de líneas cóncavas, sobre ó que se apoia o entaboamento. Planta de cruz latina.

Planta de cruz latina:

Planta dunha igrexa que conta co transepto que divide a nave maior en dúas partes desiguais.

selectividad.academy

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

PREGUNTA 5.

5.1. Análisis de la lámina 1. (4 puntos).

A.- Clasificación: 1 punto, 0,25 cada ítem.

Grupo da Anunciación e a Visitación da Catedral de Reims.

Mestre do sorriso e Mestre das figuras antigas.

Século XIII. Entre 1230 e 1260.

Gótico.

B.- Contexto histórico: 1 punto.

Cambios económicos, sociais e políticos do século XIII: recuperación do poder pola monarquía, desenvolvemento dos gremios, crecemento das cidades.

Aparición de novas ordes relixiosas. Referencia ós mendicantes.

Humanización da relixión.

Mención das grandes catedrais góticas.

C.- Análise e comentario da lámina: 2 puntos.

Identificación de cada un dos grupos.

Características máis destacadas de cada un deles.

Canon.

Tratamento do pregado.

Expresividades: individualización do rostro, naturalismo, comunicación.

Movemento.

Descrición iconográfica de cada unha das esceas.

5.2. Defina dosu dos catro conceptos seguintes (1 punto, 0,5 cada un)

Cúpula

Bóveda semiesférica que, generalmente, cobre un espacio cuadrado cuxo paso a planta circular ou octogonal faise por medio de trompas ou pechinas, pode incluír un tambor.

Xamba

Elemento arquitectónico vertical que sostén un arco ou dintel dun van.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA ARTE (Cód. 33)

Cor primaria.

Son aqueles que non se poden obter a través da mixtura de ningunha outra cor, polo que son claramente diferenciable entre sí. Tamén se poden chamar fundamentais. Son o vermello, azul e amarelo.

Éntase.

Abultamento do fuste da columna, que se sitúa frecuentemente cara un tercio da súa altura e que é máis aparente que real. É común na orde dórica.

selectividad.academy



Selectividad Academy

Tu academia de selectividad online

● Mejor academia online de selectividad

Prueba sin compromiso

Primera clase gratis. Sin permanencia. Sin letra pequeña.

- ✓ Profesores especialistas en cada asignatura
- ✓ Clases adaptadas a tu nivel y tus objetivos
- ✓ Todos los exámenes oficiales resueltos paso a paso
- ✓ Calculadora de nota y guía completa en la web

623 769 002

Escríbenos por WhatsApp

www.selectividad.academy

→ Calcula tu nota en selectividad.academy/calculadora-selectividad

→ Guía completa en selectividad.academy/guia-selectividad

→ ¿Tienes dudas? Escríbenos sin compromiso